



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, asinou o pasado venres 29 de xaneiro un **convenio de colaboración** coa Fundación Barrié para a creación do **programa autonómico de proba concepto**, que ten como obxectivo comprobar se as ideas e a innovación que desenvolvemos neste momento en Galicia poden ter éxito empresarial e, nese caso, acompañar os investigadores ata acadalo.

En virtude deste acordo, a Fundación Barrié transferiralle á Xunta de Galicia a metodoloxía e a experiencia do Fondo de Ciencia, un instrumento similar que esta institución desenvolve desde 2011. A partir desta sinatura, a Axencia Galega de Innovación pon en marcha a **primeira convocatoria do programa Proba Concepto**, que ofrecerá asesoramento, acompañamento, informes e investimento público a proxectos de investigación dos centros de coñecemento en Galicia, co obxectivo de valorizar os resultados da investigación e facilitar, acelerar e aumentar o éxito da transferencia de tecnoloxía de cara ao mercado.

O conselleiro de Economía e Industria e o presidente da Fundación Barrié darán a coñecer as grandes liñas deste programa na xornada que se celebrara o vindeiro **venres 19 de febreiro**, na sede da Coruña da Fundación Barrié, expoñendo a metodoloxía do Fondo Ciencia, e as características da convocatoria Proba Concepto da Axencia Galega de Innovación.

O programa desta xornada e o formulario de inscrición están dispoñibles no seguinte **enlace**. Para calquera dúbida poden contactar nos teléfonos **981 95 7008/7393** ou no enderezo

electrónico servizos.gain@xunta.es.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.